



Reglas xerais de acentuación

Principios de acentuación

A sílaba

Denominamos sílaba cada golpe de voz con que pronunciamos unha palabra.

café → ca - fé

espello → es - pe - llo

Sílabas tónicas e átonas

Non todas as sílabas das palabras se pronuncian coa mesma intensidade. A **sílab****a tónica** dunha palabra é a que se pronuncia con maior intensidade; as demais son **sílabas átonas**.

café → ca (sílab

espello → es (sílab

As palabras dunha única sílaba (monosílabas) poden ser tónicas ou átonas.

ti (-pronome-, tónica)

a (-artigo-, átona)

Tipos de palabras segundo a posición da sílaba tónica

Atendendo á situación da sílaba tónica na palabra, podemos distinguir palabras agudas, graves e esdrúxulas.

As palabras agudas teñen tónica a última sílaba:

xamón, comed**or**, papel, al**í**...

As palabras graves teñen tónica a penúltima sílaba:

barco, dif**ícil**, discot**eca**, **mesa**...

As palabras esdrúxulas teñen tónica a antepenúltima sílaba:

máxico, mec**ánica**, x**íl**garo, **médico**...

Reglas de acentuación gráfica

Palabras agudas

Levan acento gráfico cando rematan:

- En vogal: *mañá, aquí, café...*
- En -n: *curmán, melón...*
- En -s: *cantís, compás...*
- En -ns: *curmáns, algúns...*

Non se acentúan cando son monosílabas (*el, si, non, fe...*), cando acaban en ditongo decrecente (*cantei, seguiu, ademais, papeis...*) ou cando acaban noutra consoante que non sexa -n ou -s (*papel, arroz, nariz...*).

Palabras graves

Levan acento gráfico cando rematan:

- En consoante distinta de -n ou -s: *réptil, carácter, climax, alférez...*
- En grupos consonánticos distintos de -ns: *fórceps, bíceps, cámping...*
- En ditongos decrecentes: *amábeis, hóckey....*

Non se acentúan cando rematan en vogal, -n, -s ou -ns (*mapa, lapis, canon, dolmens...*).

Palabras esdrúxulas

Levan sempre acento gráfico:

véspera, médico, nádega, psicóloga...